

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ONG DE VOLUNTARIADO ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA, PARA PRESTACIÓN DE CLASES DE APOIO ÁS PERSOAS MENORES DO CENTRO "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV):706SNS42800WWO60



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ONG DE VOLUNTARIADO ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA, PARA PRESTACIÓN DE CLASES DE APOIO ÁS PERSOAS MENORES DO CENTRO "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Pontevedra, na data da sinatura dixital

Reunidos

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Don Luis López Diéguez, actuando no nome e representación desa institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E doutra, Dona Teresa Martínez Díaz, actuando en representación da ONG Acción Solidaria de Galicia, de agora en diante ASDEGAL, a cal carece de fins de lucro, inscrita no Rexistro Autonómico da Xunta de Galicia co número 2009/13047-1, e con domicilio fiscal na rúa Areal nº 140, 2º C - 36201 Vigo, e con C.I.F. G 27 727 593.

Actúa Don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

Expoñen

Primeiro

A Deputación Provincial de Pontevedra, con CIF: P3600000H, no marco das súas competencias e como entidade rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado Centro "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", sito na Avenida de Montecelo número 16 de Pontevedra, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares.



Neste centro préstase unha atención integral a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades no seu ámbito familiar, tanto as necesidades materiais coma afectivas e educativas.

A dita atención préstase a través de tres centros de acollemento que son o Centro Infantil, o Centro Infanto – Xuvenil Escola Fogar e o Centro Infanto Xuvenil Agarimo.

Segundo

O artigo 5 do Regulamento de Organización e Funcionamento Institucional do Centro Príncipe Felipe prevé as modalidades de permanencia das e dos menores na Institución as cales responden, con carácter xeral, ao tipo de programas de atención que se presta nos centros de acollemento que a conforman, distinguindo a atención de réxime residencial a cal se estende ao longo de toda a semana de xeito ininterrompido fronte a atención de centro de día, a cal se formula nunha franxa horaria concreta diaria.

Polo tanto, o Centro Príncipe Felipe pode describirse coma un sistema complexo, dada a súa dimensión e no que á organización dos seus servizos internos se refire. A labor da Institución vai dirixida á consecución do bo funcionamento xeral do servizo e á atención do conxunto das necesidades das persoas usuarias.

Terceiro

A Institución conta cunha porcentaxe moi elevada de persoas menores en idade de escolarización, principalmente nos Centros Infanto – Xuvenís Escola Fogar e Agarimo, motivo polo cal o centro debe de por a disposición destas, todos aqueles recursos que contribúan eficazmente ao seu desenvolvemento integral en todos os ámbitos, moi especialmente no ámbito educativo, concretamente no contexto escolar.

As circunstancias específicas inherentes ás persoas usuarias do Centro Príncipe Felipe, en moito casos menores en risco de exclusión social, levan consigo carencias en diferentes áreas evolutivas dos mesmos, de xeito significativo destacan as carencias na área da educación, da cal derivan resultados deficientes, o abandono escolar prematuro, e incluso nalgúns casos, o fracaso escolar.

Cuarto

A entidade ASDEGAL desenvolve programas de acción social e voluntariado e cooperación dirixidos a colectivos desfavorecidos.



A entidade conta coa declaración de "Utilidade pública" outorgada pola Xunta de Galicia dende o ano 2016, ademais a entidade está acreditada pola Fundación Lealtad, como aval da transparencia e boas prácticas.

Concretamente na área de Pontevedra a entidade presta entre outras actividades o apoio educativo a través de clases de reforzo escolar dirixidas a menores en risco de exclusión social, pondo a disposición unha ampla estrutura de voluntariado, cunha dispoñibilidade e flexibilidade horaria fora do horario escolar o que fai desta acción voluntaria un programa singularizado.

Quinto

Ambas as dúas partes consideran de interese común o promover unha colaboración, establecendo os seguintes obxectivos de carácter xeral:

- A consecución de actividades que fomenten o voluntariado social no ámbito de apoio escolar a menores en situación de risco de exclusión social na provincia de Pontevedra.
- A posta en común dos recursos de ambas entidades de cara á unha atención singularizada que contribúa á integración social dos e das menores na sociedade.

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración co fin de levar a cabo o reforzo da ensinanza en menores usuarios e usuarias nas dependencias do Centro Príncipe Felipe a través de clases de apoio escolar.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de apoio escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación dos e das menores dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre unha problemática singular no Centro Príncipe Felipe, que é a diversidade de idades dos e das menores que precisan as ditas clases e a limitación que supón para a Institución dotar deste servizo de apoio ás persoas menores fóra das instalacións do centro, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante este convenio a asinar entre a Deputación Provincial de Pontevedra é ASDEGAL.



A prestación das clases de apoio escolar estarán dirixidas as persoas menores propostas polos equipos educativos das distintas unidades familiares e que se atopan cursando a Formación Profesional Básica, a Educación primaria (cursos 1º a 6º) e a Educación Secundaria Obrigatoria (cursos 1º a 4º).

Para o aproveitamento destas clases de apoio, o equipo educativo do Centro Príncipe Felipe ten en conta os seguintes criterios:

- Motivación polos estudos
- Dificultade de aprendizaxe
- Necesidades de idioma
- Aproveitamento do recurso

As clases de apoio impartiranse para grupos de como máximo seis (6) persoas, en sesións de periodicidade semanal. O número máximo de menores por grupo poderá flexibilizarse naqueles casos que así se considere.

Segunda. Compromisos de ASDEGAL

A Asociación Solidaria de Galicia, ONG de voluntariado, comprométese a:

1. A prestación de clases de apoio escolar nas dependencias do Centro Príncipe Felipe.
2. Asegurar á persoa voluntaria segundo o previsto nos termos da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria.
3. Impartir formación á persoa voluntaria.
4. Coordinar a acción voluntaria co Centro Príncipe Felipe, prestando un programa específico no que se refire á adaptación de contidos en función da idade das persoas menores e do seu desenvolvemento educativo, así como na posta a disposición dun horario flexible fora do horario lectivo e en observación do calendario escolar que se aproba anualmente.
5. Estar en posesión e facilitar á Deputación de Pontevedra a correspondente certificación negativa do Rexistro central de Delincuentes Sexuais de todas as persoas voluntarias.
6. Manter unha comunicación fluída coa Deputación de Pontevedra co fin de garantir a calidade da acción voluntaria.
7. Non difundir, baixo ningún aspecto, aquelas informacións que sexa preciso manter como confidenciais.
8. Remitir copia dos seguros das persoas voluntarias á entidade beneficiaria, así como os datos das persoas voluntarias asignadas ao proxecto.
9. Ter subscrita unha póliza de responsabilidade civil por danos persoais e materiais a terceiros en que poida incurrir durante toda a vixencia do convenio.



Terceira. Compromisos da Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a:

1. Por a disposición os equipamentos e espazos pertinentes, en consideración da organización interna do CPF, de cara a consecución das sesións de apoio escolar.
2. Manter unha comunicación fluída con ASDEGAL polos medios que se establezan entre ambas partes, co fin de garantir a calidade da acción voluntaria e a consecución dos obxectivos xerais.
3. A coordinación co persoal voluntario con carácter previo e durante o desenvolvemento da sesión. Permanencia na estancia por parte do persoal educativo durante o tempo que dure a sesión de apoio escolar.
4. O persoal educativo do CPF será a persoa de referencia para a persoa menor en calquera circunstancia que se poida dar.
5. Por a disposición o material funxible preciso para o desenvolvemento da actividade: bolígrafos, folios, libretas e asimilables.
6. Non difundir, baixo ningún aspecto, aquelas informacións que sexa preciso manter como confidenciais.
7. Non permitir que as persoas voluntarias inicien a acción voluntaria se non obra en poder da entidade, os datos das persoas voluntarios asignados ao proxecto así coma o xustificante do seguro destas persoas.
8. Non utilizar o nome da ONG en proxectos distintos aos establecidos neste convenio.

Cuarta. Natureza do convenio

Ambas partes declaran que o desenvolvemento da colaboración se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

O dito convenio non implica ningunha contraprestación económica, non tendo ningunha das entidades intervincentes vocación de mercado. O dito convenio non inclúe nin implica conmutación de prestacións recíprocas nin a existencia de beneficios ou gravámenes recíprocos entre as partes asinantes ou entre unha das partes con terceiros.

Quinta. Relacións laborais: o persoal voluntario

O voluntariado que ASDEGAL pon á disposición para a realización da actividade de clases de reforzo no Centro Príncipe Felipe, en todo caso depende desta entidade en canto aos dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Deputación de Pontevedra, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.



Sexta.- Variacións de persoas usuarias durante a vixencia do convenio

As necesidades de apoio escolar poden verse modificadas durante a vixencia do convenio, dado que con carácter xeral ao longo do ano existen altas e baixas de persoas usuarias. Por esta causa, os cambios que durante a vixencia deste convenio se sucedan no número e identidade das persoas usuarias das clases de apoio escolar serán tratados como meros supostos de redistribución nos grupos.

Sétima. Confidencialidade dos datos persoais

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á Deputación de Pontevedra, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén, non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación, neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación.

Oitava. Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2024/2025, agás no suposto que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar anualmente por curso escolar, sempre que conste a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso, a duración máxima das prórrogas que se



acorden será de catro (4) anos, de acordo co establecido no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Décima. Modificación do convenio e causas de resolución

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución deste convenio:

- Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
- A parte que considere que se incumpriron cláusulas ou se alterou o contido comunicarllo á Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen consentimento de ambas as dúas partes.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo primeira.- Garantía en relación á protección xurídica do menor

Ao obxecto de garantir o cumprimento do previsto na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a infancia e adolescencia fronte a violencia, a Deputación de Pontevedra e ADESGAL comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Décimo segunda. Tribunal de Contas

O convenio será remitido ao Tribunal de Contas de acordo co preceptuado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, segundo o procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2023001273, de data 14 de febreiro de 2023.

Décimo terceira. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten natureza administrativa, celebrándose ao amparo do establecido na Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público, estando excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector público pola que se traspoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e a execución deste convenio e que non poidan ser resoltas pola "Comisión de seguimento, vixilancia e control" da execución do convenio prevista na cláusula oitava, someterase xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Ambas as dúas partes, en proba de conformidade acordan asinar de xeito electrónico este convenio.

O presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra,

Luis López Diéguez
(*asinado dixitalmente*)

A presidenta da ONG, Acción
Solidaria de Galicia

Teresa Martínez Díaz
(*asinado dixitalmente*)

